



## Entidade Local Menor de Bembrive

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL NÚM. 6/2018, DO DIA 27 DE SETEMBRO DE 2018

Na sede da Entidade Local Menor de Bembrive, sendo as 20 horas e cinco minutos do xoves día 27 de setembro de 2018, previa convocatoria de sesión extraordinaria realizada pola Alcaldía mediante Resolución de 24 do mesmo mes, reúnense a Xunta Veciñal, baixo a Presidencia da Alcaldesa-Pedánea, D<sup>a</sup>. Concepción Martínez Rodríguez, a Xunta Veciñal, asistindo os seguintes vocais:

D. José Vila Veloso	PSdeG – PSOE
D <sup>a</sup> Araceli Abalde Fernández	PSdeG – PSOE
D. Carlos Comesaña Abalde	Partido Popular

Asiste á sesión en calidade de secretaria da Corporación D<sup>a</sup>. Patricia Alvarellos Leis.

A continuación procedese ó obxecto da sesión o tratamento e resolución dos seguintes puntos da

#### ORDE DO DÍA:

#### I. PARTE RESOLUTIVA:

#### 1. Concesión da distinción “VIII mazá de ouro da ELM de Bembrive” de 2018

Ábrese a sesión polo Sra. Alcaldesa Pedánea á hora arriba indicada, indicando que vai facer unha introducción, e agradecendo a asistencia a este pleno, que para eles ten moita importancia. A continuación expón o seguinte:

*“Como saben no ano 2011 instauronse nesta Entidade a concesión da Mazá de Ouro, distinción que se lle entregará a calquera persoa ou entidade que traballara por Bembrive e axudara a facer un Bembrive mellor e máis grande.*

*De acordo co regulamento para a concesión dese galardón, neste último mes pusose en marcha o proceso que culminou na reunión que os distintos colectivos parroquiais celebraron xunto cos membros da Xunta Veciñal a semana pasada para recoller as propostas e intentar ter unha candidatura unánime e que aglutinara un pouco as ideas e intereses de todos. Por sorte, foi posible todo iso e hoxe traemos a proposta a pleno.”*

Acto seguido, procédese ao tratamento dos puntos da ORDE DO DÍA:

#### 1. Concesión da distinción “VIII mazá de ouro da ELM de Bembrive” de 2018

Dáse conta da proposta da Sra. Alcaldesa do 24 de setembro, co seguinte contido:

*Este é o oitavo ano que a Entidade Local Menor concede a MAZÁ DE OURO, de acordo ao Regulamento aprobado pola Xunta Veciñal o 27 de setembro do ano 2011.*

*Por decreto da Alcaldía Pedanía ponse en marcha o proceso facendo as seguintes dilixencias:*

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 6/2018, do 27.09.2018



## Entidade Local Menor de Bembrive

1.- Convocar a tódolos membros da Xunta Veciñal así como aos representantes dos colectivos veciñais que colaborarán na XX edición da Festa da Sidra para que fixeran as súas propostas, ben persoais ou en nome das distintas asociacións.

2.- Valorar de xeito conxunto as propostas recibidas.

3.- Recabar información sobre a proposta recibida, tendo en conta especialmente a do colectivo que fixo a proposta, pois xa traballaran na súa argumentación.

Concorrendo os seguintes argumentos:

1.- Neste ano 2018, o CEIP Mosteiro cumpre cincuenta anos; neste tempo pasou de ser un colexio de barrio a ser un centro de referencia na cidade de Vigo.

2.- Nesta evolución tivo moita importancia do traballo dunha parte moi importante da Comunidade Educativa na vida do centro: a ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS. Asociación que nace coa idea de axudar e dar solución a distintas necesidades como pequenas obras e arranxos pero que pasa a ser un pilar fundamental na vida do colexio, apoiando de forma excepcional o traballo dos mestres e mestras e do equipo directivo.

3.- Polo interese que puxeron en que ningún rapaz se sentira discriminado por ningún motivo, pero moi especialmente polas diferencias de estatus social e económico entre as familias, favorecendo que tódolos rapaces e rapazas puideran participar en tódalas actividades.

4.- Por ter posto ao longo de todo este tempo iniciativas pioneiras na nosa cidade como:

- A creación do banco de libros solidario
- A posta en marcha do proxecto de colonias
- A xestión de actividades extraescolares, comedor, actividades deportivas...
- A integración da Asociación na vida de Bembrive, participando en tódalas actividades que dende a Entidade ou dende os distintos colectivos se organizan.

Por todo isto, visto o artigo 2 do Regulamento para a concesión da distinción Mazá de Ouro da Entidade Local de Bembrive, propomos para a concesión da VIII MAZÁ DE OURO DA ENTIDADE LOCAL MENOR A "ANPA BENEVIVERE" DO DOLEXIO MOSTEIRO.

**Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos catro membros presentes, acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.**

A Sra. Alcadesa agradece ao público a súa asistencia e indica que están todos convidados ao acto de entrega deste galardón, que terá lugar o vindeiro domingo a partir da unha da tarde na Alameda do Torreiro, no acto central da Festa da Sidra.

E non tendo outros asuntos a tratar a Alcadesa-Pedánea levanta a sesión sendo as 20.12 h. do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

Vº e pr. do Alcadesa Pedánea

Asdo. Concepción Martínez Rodríguez

A Secretaria Interventora

Asdo. Patricia Alvarelos Leis

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 6/2018, do 27.09.2018